

ACTA REUNIÓN COMISIÓN PARITARIA II CONVENIO COLECTIVO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS UNIVERSIDADE DE VIGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Vicexerente de Persoal:

Ana Comesaña Álvarez

REPRESENTANTES SINDICAIS:

Federico Fernández Fernández (CIG)
Luis Pérez Gómez (CIG)
Manuel Marcos García (CCOO)
Marcos Éstevez Orge (CCOO)
José Andrés Zapirain Fernández (UGT)
José María Pérez Landín (CSI-CSIF)

Acta da reunión da Comisión Paritaria do II Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Universidade de Vigo, celebrada ás 13:00 horas do día 20 de xaneiro de 2009, na sala de xuntas nº2 do Edificio Xerencia/Servizos Centrais coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

- 1º.- Interpretación do artigo 51 e 52 do II Convenio Colectivo en relación coa xubilación.
- 2º.- Requisitos permuta, artigo 19.6 do II Convenio Colectivo
- 3º.- Petición de traslado, artigo 19.5 do II Convenio Colectivo.

A Vicexerente de Persoal inicia a reunión da comisión comentando os puntos que se van a tratar segundo a orde do día e entrega a acta da reunión anterior (do 11/12/08) para a súa revisión polos representantes sindicais asistentes á reunión.

1º.- Interpretación do artigo 51 e 52 do II Convenio Colectivo en relación coa xubilación.

Os artigos relativos á xubilación no II Convenio Colectivo non contemplan a prórroga polo período de tempo necesario para completar o 100% da prestación da pensión de xubilación, se non pola mínima. En relación a estes artigos, hai que ver se coa súa interpretación, é posible conceder ou non as prórrogas solicitadas. Segundo a normativa de seguridade social, transcorridos os 65 anos, é posible prorrogar se non se ten o período mínimo dos 15 anos cotizados. A Vicexerencia entende que non se contempla outro tipo de prórrogas. Como medida de fomento do emprego o CC obriga ao traballador a xubilarse ao cumprir os 65 anos, sen mais excepción que a anteriormente citada.

Os representantes de CSI-CSIF e UGT din que se aplique a lexislación sobre función pública.

A Vicexerente de persoal di que se debe aplicar o disposto no Convenio Colectivo para cada caso.

Se chega a acordo entre a Xerencia, CIG e CCOO sobre que se interprete segundo a literalidade do Convenio no aspecto relativo á xubilación.

2º.- Requisitos permuta, artigo 19.6 do II Convenio Colectivo

A Vicexerente presenta a solicitude de permuta de dona Begoña Lueiro Villar, e unha técnico de laboratorio da Universidade de Santiago de Compostela. A permuta é entre a categoría Técnico Química, grupo III e Técnico en Botánica/Bioloxía. O artigo 6 establece a posibilidade de facer permutas entre persoal laboral de distintas universidades, pero non recolle os requisitos. A proposta da empresa é regular os requisitos da permuta dentro da Comisión Paritaria. Achega



UNIVERSIDADE
DE VIGO

proposta que se adxunta como Anexo á Acta. Esta proposta utilizou como referencia os requisitos establecidos no Convenio Colectivo da Universidade de Santiago de Compostela.

A parte social aproba unanimemente os requisitos da permuta presentados. Chégase ao seguinte ACORDO:

Poderán realizarse permutas entre traballadores fixos en activo, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

- **Que non se trate de postos singularizados.**
- **Que os postos de traballo sexan da mesma categoría ou equivalentes función.**
- **Que lles corresponda idéntica forma de provisión.**

Con carácter xeral aos interesados non se lles autorizará outra permuta no prazo de 10 anos, a partir da data da concesión. A permuta, tampouco se autorizará cando a algún dos solicitantes lles falte menos de dez anos para a idade de xubilación forzosa.

Esta norma xeral poderá excepcionarse para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar. A concesión realizarase por resolución do reitor, previo informe favorable das unidades afectadas e do comité de empresa correspondente.

3º.- Petición de traslado, artigo 19.5 do II Convenio Colectivo.

Petición de Óscar Pérez Alonso, técnico da Universidade Carlos III de Madrid de trasladarse á Universidade de Vigo, interpretación ao abeiro do artigo 19.5 do II Convenio Colectivo. Pola parte sindical infórmase desfavorablemente a concesión do traslado. Non hai vacante na categoría de técnico de laboratorio do departamento de informática, polo que non hai praza na categoría de orixe do traballador. Non se permitiu a mobilidade entre categorías informáticas da propia Universidade, polo que non debe permitirse aos que non pertencen a ela.

A parte social rexeita a proposta de mobilidade do traballador

Sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída á reunión ás 13:30 horas.

Permuta:

Poderán realizarse permutas entre traballadores fixos en activo, sempre que concurren as seguintes circunstancias:

- Que non se trate de postos singularizados.
- Que os postos de traballo sexan da mesma categoría ou equivalentes función.
- Que lles corresponda idéntica forma de provisión.

Con carácter xeral aos interesados non se lles autorizará outra permuta no prazo de 10 anos, a partir da data da concesión. A permuta, tampouco se autorizará cando a algún dos solicitantes lles falte menos de dez anos para a idade de xubilación forzosa.

Esta norma xeral poderá excepcionarse para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar. A concesión realizarase por resolución do reitor, previo informe favorable das unidades afectadas e do comité de empresa correspondente.